



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral		Código	652606E316
Titulación	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia converxe coas materias do itinerario de FOL. Ten como finalidade a busca, selección e análise de experiencias innovadoras e de investigación na Formación Profesional, especialmente, na orientación profesional e nos módulos da especialidade de FOL.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A26	(CE-E12)Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A28	(CE-E14)Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación. .
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Buscar, seleccionar, analizar e deseñar propostas docentes innovadoras para a orientación profesional e para os módulos da especialidade de FOL	AP25		CM3
	AP26		CM6 CM7
Buscar, seleccionar e analizar un proxecto de investigación aplicable nos módulos da especialidade e nas funcións orientadoras propias do profesorado de FOL.	AP28		CM3 CM7
Comprender e valorar a importancia da innovación e da investigación como ferramentas para a mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe e para a propia aprendizaxe profesional.	AP25		CM3
	AP26		CM6 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1. A innovación e a investigación nos módulos e funcións do profesorado da especialidade de FOL	Ambitos de innovación Experiencias innovadoras. Ámbitos de investigación e investigacións realizadas
Tema 2. Proxectos de innovación e investigación en FOL	O papel do profesorado de FOL Proxectos: obxectivos, metodoloxía e instrumentos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A25 A26 C3 C6 C7 C8	3	15	18
Presentación oral	A25 C3 C6	2	2	4
Prácticas a través de TIC	C3	1	3	4
Simulación	A25 A26 A28 C3 C6 C7	5	15	20
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Busca e análise de experiencias anovadoras e de pesquisas de investigación aplicables a función docente e orientadora do profesorado de FOL Busca e utilización de bibliografía específica para a fundamentación e deseño dun proxecto de anovación ou pesquisa.
Presentación oral	Das experiencias innovadoras analizadas e do proxecto de innovación ou pesquisa deseñados
Prácticas a través de TIC	Ampliación do marcador social cos recursos dixitais localizados e seleccionados a través da análise de fontes documentais e da utilización das redes sociais.
Simulación	Deseñar un proxecto de innovación utilizando os criterios fixados nunha das convocatorias existentes de premios a innovación na orientación profesional ou na Formación Profesional.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Simulación	A atención personalizada está vencellada principalmente realización dos traballos tutelados (TT). O seu obxectivo é proporcionar a axuda e as orientacións necesarias para unha boa realización dos TT. A atención personalizada está ligada a unha avaliación formativa. O alumnado con matrícula a tempo parcial terá unha atención personalizada vinculada a modalidade de avaliación específica que se describe no apartado de avaliación.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Prácticas a través de TIC	C3	Ampliación do marcador social creado para as materias do módulo específico cos recursos dixitais localizados na realización das actividades. Os criterios de avaliación son o número de recursos localizados, a calidade da descrición realizada sobre os mesmos e a adecuación das categorías e subcategorías utilizadas para a súa clasificación.	10
Presentación oral	A25 C3 C6	O alumnado terá que facer dúas presentacións. Unha sobre as experiencias innovadoras seleccionadas e outra sobre o proxecto de innovación elaborado. A avaliación das presentacións van ser realizadas polo alumnado a partir dunha rúbrica elaborada previamente polo alumnado e que vai ser utilizada para a avaliación das presentacións de todas as materias do módulo específico.	20
Simulación	A25 A26 A28 C3 C6 C7	Consiste no deseño dun proxecto de innovación seguindo as bases e criterios utilizados nas convocatorias públicas de premios a innovación. Os criterios de avaliación van ser os utilizados na convocatoria escollida. A contribución individual e o funcionamento do grupo de traballa será obxecto de avaliación e coavaliación e reflectirase na cualificación global da actividades.	70

Observacións avaliación

ASISTENCIA ÁS AULAS

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular que non acuda a unha clase na que se realice algunha actividade terá que facela individualmente e entregala na seguinte sesión. Se un/ha alumno/a non acada o 80% da asistencia, terá unha cualificación de non presentado na primeira oportunidade. A asistencia xustifícase en base a que unha boa parte das actividades de avaliación desenvólvense na aula. Na oportunidade de xullo realizará un exame teórico e práctico. Tamén se poderá acordar a realización dalgunhas actividades. Aquelas persoas con matrícula a tempo parcial poderán acollerse a unha modalidade de avaliación específica. Para isto, cómpre solicitar unha titoría, antes ou inmediatamente despois do inicio da materia, co obxecto de establecer as actividades de avaliación e o proceso de supervisión e seguemento. INTEGRIDADE ACADÉMICA: Ausencia de citación de fontes

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben de declararse. O uso de texto literal ou ideas doutros autores ou autoras parafraseadas sen declarar supón un suspenso en aplicación do artigo 14.4 da Normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, que establece ?na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade"Os contidos incluídos nos traballos deben estar referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran. PLAXIO

O plaxio en calquera das actividades da avaliación será motivo de suspenso.

FALSIFICACIÓN DUNHA FIRMA: Asinar na folla de asistencia por un/unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua

NORMATIVA ACADÉMICA DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_I.pdf

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - EDUCAWEB (). Premios Educaweb Orientación Académica y Profesional. http://www.educaweb.com/premios/ediciones/ - INTEF. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (). Red de buenas prácticas 2.0. http://recursostic.educacion.es/buenaspracticass20/web/es/formacion-profesional/608-buenas-practicass- - Navas Baena, R. (2010). Investigación e innovación en el aula.. Granada: Ada. - Instituto de Tecnologías Educativas (). . http://www.ite.educacion.es/ Rosa Cobo, C. (2010). Innovación educativa e historia de las relaciones e género. Valladolid: Universidad de Valladolid.
----------------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Victor Cuevas (). El uso del blog como herramienta de orientación académica y profesional. http://static.educaweb.com/pdf/premi/3-edicio/2B.pdf- EDUCAWEB (2011). El blog como herramienta de orientación profesional . http://static.educaweb.com/pdf/premi/3-edicio/1B.pdf- (2013). Premios Educaweb. 5ª Edición. http://www.educaweb.com/noticia/2013/01/16/educaweb-premia-proyectos-orientacion-dirigida-adultos-5-- EDUCAWEB (2010). Premios Educaweb Orientación Académica y Profesional. http://www.educaweb.com/publicaciones/hey/2012/proyectos-ganadores-premios-educaweb-orientacion-acad- Victor Cuevas (). El portafolio vocacional. http://victorcuevas.es/orientacion/?page_id=1455- Victor Cuevas (). Busca tu camino. Blog de orientación. http://victorcuevas.es/orientacion/- (). Guía de blogs de orientación. http://www.netvibes.com/guia-de-informacion-academica-e-profesional#BLOGS
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Débese facer un uso sostenible dos recursos e a promoción da prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En coherencia cos principios enunciados, os traballos impresos que se teñan que entregar non utilizarán plásticos, estarán impresos a dobre cara e empregarán papel reciclado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías